

CULTURA Y TV

Fernán-Vello gaña o premio dos escritores polo seu último poemario

la voz | santiago

Miguel Anxo Fernán-Vello resultou gañador do premio que anualmente convoca a Asociación de Escritores en Lingua Galega para nomear o mellor libro editado en galego no ano anterior.

foi o libro escollido polos escritores asociados como o mellor dos publicados no 2004, despois dunha sistema de elección por dobre volta. En primeiro lugar, os asociados votaron os libros preferidos entre os editados no ano pasado e tomando como base a lista dos sete máis nomeados realizouse unha segunda votación. A asociación conta nestes momentos con 270 afiliados.

O libro escollido polos escritores galegos foi xa premio da Crítica Española no apartado de poesía galega e recolle a produción poética destes últimos anos de Miguel Anxo Fernán-Vello.

O volume, publicado por Editorial Galaxia, compartiu categoría de finalista cos libros **Sen sombra e sen amor**, de Bernardino Graña, **Amor e música lixeira**, de Bieito Iglesias, **A cousa vermella** de Olga Novo, **As metamorfoses do túnel** de Román Raña, **O exilado e a primavera** de Manuel Veiga, e **En concreto** de Luisa Villalta.

Para facer entrega deste premio a Miguel Anxo Fernán-Vello a Asociación de escritores en lingua galega celebrará o vindeiro sábado unha dobre cita. A primeira será unha cea en Compostela no transcurso da cal se entregará a pluma estilográfica que testemuña o premio.

A segunda das citas é unha festa das letras que terá lugar a partir das 23 horas na Sala Nasa, tamén en Compostela. A festa, a primeira que celebra a asociación, estará presentada por Xurxo Souto e contará coa actuación da fadista Carmen Dolores. A entrada para a festa é libre.

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141.CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413,